



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/000035**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dous minutos, do día vinte de outubro de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste por causas xustificadas: don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro (a través de medios telemáticos), e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADO DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 06.10.22 (ORDINARIA) .-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes).

#### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

##### **A.- Licenza de 1ª ocupación**

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

“- Expte 07/2021.-2021/U007/000006.- [REDACTED] Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 37/2020, licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2020.

Visto o informe do arquitecto municipal de 18 de outubro de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licenza de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

**Segundo.-** Practicaráselle a liquidación da taxa por expedición de licencia de 1ª ocupación, o importe de 53,72 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño,

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE NA DATA DA SINATUA Á MARXE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (4 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.**

### **B.- Licenza de 1ª ocupación**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

“- Expte 05/2022.-2022/U007/000005.- [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 08/2019, licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local de data 04 de xullo de 2019.

Visto o informe do arquitecto municipal de 18 de outubro de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

**Segundo.-** Practicaráselle a liquidación da taxa por expedición de licencia de 1ª ocupación, o importe de 75,20 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño,

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE NA DATA DA SINATUA Á MARXE/”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (4 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.**

#### FORA DA ORDE DO DIA

A Presidencia presenta por urxenza o asunto que a continuación se refire, e motiva a urxencia en que o servizo se atopa adxudicado, necesario para ofrecer as actividades de música e que presentada alegación pola adxudicataria se resolve na seguinte proposta para de seguido proceder á sinatura do contrato. Queda ratificada a urxenza por unanimidade dos concelleiros presentes, pasándo a incluír dito asunto fóra da orde do día.

#### **.-CONTRATACIÓN DO SERVICIO DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.09.2022 no que se adxudica a empresa ESPROADE SL co CIF B15664816 o contrato do servizo da escola de música do Concello de Valdoviño por importe de 86.088,00 (exenta de IVE, conforme o artigo 20.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre Valor Engadido) durante un curso.

Visto o escrito presentado por Paula Vázquez Lista co DNI [REDACTED] en representación de ESPROADE SL en data 17.10.2022 co número de rexistro 202299900001609 e visto o segundo escrito de data 18.10.2022 co número de rexistro 202299900001615 e terceiro escrito en data 19.10.2022 co número de rexistro 202299900001620, no que solicita a rectificación do prazo de execución (un curso) co fin de adecualo a dous cursos, establecido polos pregos de cláusulas administrativas particulares.

De acordo co Prego de cláusulas administrativas, efectivamente recolle o prazo de duración de dous cursos escolares.

Esta Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO,

**Primeiro.-** Aceptar a alegación recibida pola empresa ESPROADE SL, debendo cumprirse o estipulado nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

**Segundo.-** Rectificar o erro padecido no acordo de Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2022 debendo adxudicarse polo prazo de dous cursos escolares de acordo co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** Notifíquese dito acordo a empresa adxudicataria.

/ASINADO DIXITALMENTE POLO SR ALCALDE/”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (4 dos seus 5 membros), aprobou a proposta anteriormente transcrita.**

PARTE DE ACTIVIDADE

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*